

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 14.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada da elaboración do informe sobre o Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Punto 2. Preguntas

2.1 22614 (10/POC-003716)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta, o número de intervencións que se levan a cabo e as follas de información que se entregan aos pacientes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 6269 (10/PNC-000622)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario adoptado o 22 de abril de 2015 en relación coa mellora da atención sanitaria prestada á doenza da endometriose, especialmente en determinados aspectos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017

3.2 6284 (10/PNC-000626)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade, establecida no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro e, en concreto, no seu artigo 71, no referido á participación das mulleres nos consellos de administración das empresas, así como a demanda ao Goberno central do recoñecemento legal da figura do "mobbing maternal"

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017

- 3.3 21180 (10/PNC-001742)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de instalación de cambiadores de bebé en localizacións unisex nos edificios públicos da súa competencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017
- 3.4 21479 (10/PNC-001757)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as deficiencias existentes nas instalacións e o estado de deterioración do mobiliario do Hospital de Monforte, así como a recuperación da capacidade de xestión desa área sanitaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017
- 3.5 22860 (10/PNC-001833)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia das obras de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao e a súa posta en funcionamento antes do remate da X lexislatura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 3.6 23552 (10/PNC-001869)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que se deben adoptar para mellorar a situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 3.7 24199 (10/PNC-001909)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos que pode ocasionar para a saúde das persoas a contaminación dos solos con lindano no concello do Porriño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada da elaboración do informe sobre o Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 22614(10/POC-003716)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta, o número de intervencións que se levan a cabo e as follas de información que se entregan aos pacientes

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Asociación de afectados por intervencións de cirurxía refractiva (ASACIR), fai tempo que vén denunciando as secuelas de ditas operacións xunto coa publicidade enganosa que se fai da mesma, ofrecendo obxectivos que non se poden garantir e trivializando con este tipo de operacións, sen informar claramente dos riscos máis habituais.

A necesidade dunha publicidade clara xunto cunha información adecuada é algo esencial que vai máis alá do cumprimento da lexislación vixente, xa que moitos dos riscos que teñen lugar despois da operación, en algúns casos, supoñen para os doentes un empeoramento moi agudo nas súas condicións de vida.

Dentro deses riscos atopamos algúns como: o síndrome do ollo seco, síntomas visuais como halos, reflexos, visión dobre ou perda de visión así como a necesidade de seguir utilizando lentes pese ao que se anuncia.

En relación á publicidade que as clínicas ofrecen para as operacións de cirurxía refractiva, dende ASACIR foron presentadas reclamacións no *Instituto Galego de Consumo*, na *Agencia Catalana de Consum* e na *Agencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria y Nutrición*, tanto de xeito individualizado por membros da asociación como pola asociación como persona xurídica, contra 27 clínicas por vulneración da normativa estatal e autonómica sobre publicidade sanitaria.



Todas as denuncias acompañadas de documentación tanto en soporte escrito como audiovisual sobre a publicidade denunciada. Pero con todo, o único organismo de consumo que levou a cabo sancións foi a *Agencia Catalana de Cosum*.

Actualmente, moitas das persoas afectadas por estas prácticas están a espera de resposta de organismos como o Instituto Galego de Consumo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que información ten a Xunta de Galicia sobre as denuncias presentadas na Comunidade Autónoma en relación ás secuelas da cirurxía refractiva?
- 2.ª) E en relación á publicidade enganosa da mesma?
- 3.ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia do número de intervencións que se levan a cabo?
- 4.ª) Sabe a Xunta de Galicia cales son as follas de información que se lle da aos pacientes?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 11:51
Nº Rexistro: 22614
Data envío: 10/01/2018 11:51:13.800

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 11:21:24

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 6269(10/PNC-000622)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo
parlamentario adoptado o 22 de abril de 2015 en relación coa
mellora da atención sanitaria prestada á doenza da
endometriose, especialmente en determinados aspectos

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A endometriose, unha das doenzas máis enigmáticas e controvertidas da xinecoloxía, é unha enfermidade inflamatoria estróxeno - dependente de orixe descoñecida que se define como a implantación e crecemento benigno de tecido endometrial fóra do útero, sendo as localizacións máis frecuentes afectadas pola endometriose o peritoneo pélvico e os ovarios.

Aínda así poden atoparse lesións no intestino, vexiga, estómago, pulmón, etc. A demora no diagnóstico de endometriose é frecuente calculándose que dende o inicio dos síntomas ao seu diagnóstico poden pasar uns 8 anos. Os estudosos/estudosas consideran que a endometriose afecta cando menos ao 10 % das mulleres en idade fértil e de se confirmar este dato en Galicia podería haber arredor dunhas 60.000 mulleres afectadas por endometriose.

O 22 de abril de 2015 aprobouse no Parlamento de Galicia unha iniciativa que definiu algúns avances a facer na detección, tratamento e investigación desta doenza. Concretamente o acordo por unanimidade indicaba:

- 1. Difundir a Guía de coidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría, matronas e matróns...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.*
- 2. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.*
- 3. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a creación de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinares nos hospitais públicos de Galicia.*



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.*

5. *Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.*

6. *Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose.*

A pesares dalgúns avances tímidos, moitas das cuestións demandadas polos colectivos afectados, e que foron parte do acordo aprobado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dea cumprimento ao acordo adoptado na Cámara galega en abril de 2015, especialmente nas cuestións referidas a:

- a. Coñecer os datos sobre as mulleres diagnosticadas de endometriose no Sergas, para poder aproximar mellor as estimacións sobre a incidencia na poboación desta doenza.
- b. Estudar a creación dunha unidade multidisciplinar de referencia a nivel galego.
- c. Promover a investigación sobre a endometriose .
- d. Contribuír a difundir o coñecemento sobre a enfermidade entre as mulleres en idade fértil, en especial entre as menores de 25 anos.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 12:43
Nº Rexistro: 6269
Data envío: 08/03/2017 12:43:48.810



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 10:06:23

María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:06:28

Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 10:06:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2017 10:06:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 6284(10/PNC-000626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade, establecida no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro e, en concreto, no seu artigo 71, no referido á participación das mulleres nos consellos de administración das empresas, así como a demanda ao Goberno central do recoñecemento legal da figura do "mobbing maternal"

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, aborda no capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta Administración.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

O empresariado galego non pode nin quere anquilosarse no pasado. A súa responsabilidade como parte fundamental da economía e da sociedade da nosa comunidade debe atender ás novas esixencias sociais que implican a asunción do principio de igualdade como parte vertebradora das políticas empresariais deste país.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade. Segundo os últimos datos do estudo sobre salarios do Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao ano 2015, a retribución anual media bruta na comunidade para os homes roldaba os 20.000 euros, mentres que a das mulleres superaba por pouco os 15.500, o que se traduce en que estas gañaban un 22,1 % menos que os homes. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60 % independentemente do nivel de preparación. Igual de preocupante é que un 42 % das desempregadas, ao redor de 17.400, que están a buscar un posto leven máis de dous anos tentándoo, o que provoca que algunhas desistan no seu intento e se desliguen do mercado laboral.

Fundamental é tamén a promoción da participación das mulleres nos consellos de administración das empresas, que seguen a pesares de termos un nivel de formación superior aos dos homes, infrarepresentadas nestes órganos e en outros postos de alta dirección. En moitos casos esta discriminación obedece ao que se coñece como “mobbing maternal”, entendido como toda discriminación laboral da muller polo feito de ser nai,



Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

- A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en concreto no seu artigo 71 e polo tanto:
1. Solicite ás empresas con consellos de administración domiciliadas en Galicia, que dentro do mes de xaneiro de cada ano natural, información desagregada por sexos sobre a composición dos seus consellos de administración ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.
 - 1.1. Calquera outra empresa con axencia, sucursal, delegación, ou calquera outra representación en Galicia, voluntariamente, poderalle remitir tal información á Administración autonómica.
 2. Á vista da información obtida, o departamento encargado do Goberno galego emitirá informe preceptivo en materia de igualdade, así como unha nota pública favorable ou recomendación sobre o incremento gradual da participación das mulleres nos consellos de administración.
 3. O goberno galego presentará anualmente no Parlamento de Galicia un informe no que se realice unha análise exhaustiva dos datos de información desagregada por sexos sobre a composición dos consellos de administración das empresas domiciliadas en Galicia.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España o recoñecemento lexislativo da figura do “mobbing maternal” entendido como toda discriminación laboral da muller polo feito de ser nai, promovendo a súa erradicación como práctica e protexendo a maternidade desde un punto de vista laboral.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 12:25:39

María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 12:25:46

Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 12:25:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 12:25:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 12:26:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 12:26:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2017 12:26:15

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 21180(10/PNC-001742)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de instalación de cambiadores de bebé en localizacións unisex nos edificios públicos da súa competencia

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:38
Nº Rexistro: 21180
Data envío: 05/12/2017 17:38:08.276

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Marián García Míguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Aurelio Núñez Centeno e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Na actualidade, a conciliación e a xestión de traballo e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

Sen conciliación non hai crecemento sustentable nin social nin económico posible. Falamos tamén, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alicuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado.

O que é o mesmo, un reparto equitativo das tarefas reprodutivas que permitan avanzar por igual nas produtivas.

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) recolle como prioridade de actuación o apoio á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, así como “ mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de Igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e a revitalización demográfica”.

Dende o Grupo Popular consideramos de vital importancia seguir traballando na sensibilización social, en relación cas innumerables vantaxes dunha organización social corresponsable. Estanse dando pasos por parte de todos os axentes implicados que sen dúbida contribuíron a avanzar neste eido.

Os homes entraron no ámbito da xestión doméstica e dos coidados dos menores.

Hai que destacar o papel da paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Pero débese seguir traballando, pois, por exemplo, fronte a 14.522 prestacións de maternidade en Galicia en 2016, xestionáronse 11.919 de paternidade.

Así pois os novos modelos de familia, os novos roles cada vez máis afastados de estereotipos de xénero, deben ser recollidos tamén na planificación das políticas de Igualdade da nosa Comunidade.

Por todo isto, dende o Grupo Parlamentario Popular, propoñemos como unha medida a implementar, co fin de mellorar nos servizos como compromiso na consecución de unha corresponsabilidade plena a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a instalación nos edificios públicos da súa competencia, de cambiadores de bebé en localizacións unisex, co fin de que podan utilizarse tanto por parte dos pais como das nais”.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/12/2017 17:25:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/12/2017 17:26:39

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/12/2017 17:26:59

Marta Rodriguez Arias na data 05/12/2017 17:27:27

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/12/2017 17:27:52

María Soraya Salorio Porral na data 05/12/2017 17:28:26

Raquel Arias Rodríguez na data 05/12/2017 17:28:36

Sandra Vázquez Dominguez na data 05/12/2017 17:28:58

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/12/2017 17:30:35



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:38
Nº Rexistro: 21180
Data envío: 05/12/2017 17:38:08.276

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/12/2017 17:30:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.4 21479(10/PNC-001757)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as deficiencias existentes nas instalacións e o estado de deterioración do mobiliario do Hospital de Monforte, así como a recuperación da capacidade de xestión desa área sanitaria

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital de Monforte ten numerosas necesidades en materia de persoal, pero tamén nas instalacións e mobiliario. A dependencia de xestión de Lugo, ademais, supuxo a perda de capacidade de xestión en materia de mantemento, de xeito que se depende da xerencia de Lugo para calquera arranxo.

Unha das cuestións que debe ser resolta é cambiar as ventás simples de todo o Hospital para mellorar a eficiencia enerxética.

Outra deficiencia atópase na antigüidade de parte do mobiliario. Mesillas, cadeiras, sillóns e armarios de boa parte das habitacións das plantas de hospitalización do Hospital de Monforte están moi deteriorados, cuestión que levan tempo denunciando tanto o persoal coma as persoas usuarias.

Trátase de mobiliario que, ademais de obsoleto e gastado, é moi incómodo tanto para pacientes como para acompañantes, así como para o persoal, pois estamos a falar de mobles que poden levar máis de vinte anos de uso e que nalgúns casos está tan deteriorado que é case inservible.



Tamén está pendente a reforma das duchas de parte dos cuartos de baño das habitacións de hospitalización, para mellorar a accesibilidade.

Así pois, o Hospital de Monforte precisa unha renovación xeral das instalacións, tanto repintado de paredes, como renovación de mobiliario e baños das habitacións e cambio das ventás, para mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Estas adaptacións acometéronse na metade das instalacións, pero demórase o seu remate.

Nas plantas de Traumatoloxía e Cirurxía substituíronse os vellos armarios por uns novos de taboleiros, por parte dunha empresa.

O SERGAS tamén mudou cadeiras das salas de espera por mobiliario máis moderno.

As fortes choivas do día 10 de decembro provocaron a aparición de goteiras na planta de Medicina Interna e Especialidades do Hospital de Monforte e na entrada da sala de espera do Hospital de Día, sinalando a Xunta que dita auga procedía da terraza. Xa ten habido problemas de goteiras, por mor de canalóns mal colocados.

Por outra parte, había unha proposta de remodelación da fachada ao completo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 13:05
Nº Rexistro: 21479
Data envío: 14/12/2017 13:05:35.448



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Renovar con urxencia o mobiliario deteriorado das plantas de hospitalización do Hospital de Monforte.
2. Acometer con urxencia as obras de adaptación dos baños das habitacións do Hospital de Monforte que aínda non se renovaron.
3. Acometer as reformas estruturais que sexan necesarias na terraza e fachada do Hospital de Monforte.
4. Reverter a supresión das xerencias de atención primaria, así coma as xerencias comarcais, organizándoas de xeito eficiente e permitindo a descentralización da xestión, de xeito que se recupere a capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 14/12/2017 12:53:07



Luis Villares Naveira na data 14/12/2017 12:53:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 13:05
Nº Rexistro: 21479
Data envío: 14/12/2017 13:05:35.448

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.5 22860(10/PNC-001833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia das obras de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao e a súa posta en funcionamento antes do remate da X lexislatura

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 10:32
Nº Rexistro: 22860
Data envío: 12/01/2018 10:32:03.548

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a construción do novo centro de saúde do Concello do Saviñao e as previsións, temporais e orzamentarias, do Goberno galego para iniciar as obras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello do Saviñao leva anos agardando pola construción dun novo centro de saúde. Un proxecto comprometido pola Xunta de Galiza mais que acumula unha década de retrasos.

No ano 2016 a Xunta de Galiza a través do SERGAS publicou o anuncio de licitación do servizo de redacción do proxecto básico, de execución e de dirección da obra de construción do novo centro (Resolución do 29 de xullo publicada no DOG nº160 do 25 de agosto de 2016).

En febreiro de 2017 o DOG publica a formalización da contratación do devandito proxecto por un valor estimado de 49. 913 euros. Para ese ano, o presidente da Xunta de Galiza compromete un investimento de 250 mil euros para a súa construción.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 10:32
Nº Rexistro: 22860
Data envío: 12/01/2018 10:32:03.548

Porén, descoñécese o grao de desenvolvemento do proxecto e os prazos cos que está a traballar o Goberno galego para o inicio das obras e a súa posta en funcionamento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar coa maior celeridade posíbel as obras de construción do novo centro de saúde no Concello do Saviñao e a pór en funcionamento as novas instalacións antes de finalizar a presente lexislatura.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 10:32
Nº Rexistro: 22860
Data envío: 12/01/2018 10:32:03.548

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2018 10:25:29

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2018 10:25:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/01/2018 10:25:38

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2018 10:25:40

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2018 10:25:41

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2018 10:25:49

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.6 23552(10/PNC-001869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que se deben adoptar para mellorar a
situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23552
Data envío: 18/01/2018 13:27:59.425

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación de precariedade do mercado de traballo en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ven de facer público o Estudo sobre ingresos salariais de 2016, elaborado polo seu Gabinete de Economía da CIG. Informe realizado a partir de datos oficiais tirados do Estudo “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” publicado pola Axencia Tributaria, que toma como base a Declaración anual que están na obriga de presentar todas as entidades que pagan salarios, pensións ou prestacións por desemprego, incluídas as administracións públicas.

O resultado do estudo é a constatación do avance da precariedade laboral, o incremento das desigualdades entre persoas asalariadas e a importante perda de poder adquisitivo da poboación.

A precariedade non fixo máis que aumentar, en 2016 o 30% da poboación non acadou o salario mínimo cando en 2009 era menos do 26%.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23552

Data envío: 18/01/2018 13:27:59.425

Acentúase a polarización entre as persoas asalariadas en Galiza que máis ganan e as que menos. No ano 2009 unha persoa asalariada do grupo de maiores ingresos equivalía a 66 dos de menores ingresos. No ano 2016 a equivalencia é de 1 a 91.

O único colectivo que medra é o das persoas que percibiron menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional. Constatase que este colectivo viu reducidos os seus ingresos respecto ao ano 2009, apenas superan os 1.800 euros brutos ao ano, 100 euros menos que en 2009.

Pola contra, se ben o colectivo de maiores ingresos -isto é, daqueles que ingresan máis de 10 veces o SMI- reduciuse, o seu salario incrementouse nun 30%, superando os 170.000 euros brutos anuais. Atendendo a estes datos, Galiza é, despois da comunidade de Madrid, onde este colectivo ten os ingresos máis elevados do Estado.

Onde máis ten aumentado o número de persoas traballadoras é nas ramas de actividade de menores ingresos, que son outros servizos e ocio e lecer, que é tamén onde máis se reduciron os ingresos medios.

A conclusión é, polo tanto, que onde aumenta a ocupación é naquelas actividades de menores salarios co cal a precarización se está instalando e xeneralizando no mercado de traballo.

Diante destes datos, que amosan un mercado de traballo de precarización, e constatan a consolidación da figura d@ traballador/a pobre e que onde aumenta a ocupación é nas actividades de menores salarios, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23552

Data envío: 18/01/2018 13:27:59.425

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha todas as medidas precisas para revertir as consecuencias de anos de desregulación laboral, amparada por sucesivas reformas laborais que deron carta de natureza á precariedade, temporalidade laboral, expulsión do mercado de traballo de miles de galeg@s, á emigración masiva, e se teñen traducido en pobreza e exclusión social.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que:

-Proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

-Aprobe e aplique de maneira inmediata o incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio, tal como establece a Carta Social Europea.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23552
Data envío: 18/01/2018 13:27:59.425

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2018 13:20:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/01/2018 13:20:11

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2018 13:20:12

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2018 13:20:14

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2018 13:20:16

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2018 13:20:23

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.7 24199(10/PNC-001909)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos que pode ocasionar para a saúde das persoas a contaminación dos solos con lindano no concello do Porriño

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O lindano é un composto químico que presenta unha elevada toxicidade con efectos adversos para a saúde e o medio en xeral.

Trátase dun composto altamente persistente que fai que a súa degradación sexa lenta e difícil, incorporándose doadamente á graxa do animal que o inxire ou aspire, o que facilita a súa acumulación na cadea trófica e que a súa concentración se eleve en niveis tróficos superiores.

Todas estas características unidas a elevada volatilidade, sendo susceptible de ser transportado polo aire ou apegado a partículas, provocan que sexa un compoñente moi perigoso tanto para a natureza como para a propia saúde das persoas.

Entre 1947 e 1964 a compañía Zeltia fabricou lindano e outros pesticidas nunha planta situada no polígono de Torneiros, no Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica foron vertidas na zona e noutros puntos da rexión, incluso unha parte volvéronse a empregar como material para o arranxo de estradas e como insecticida, orixinando focos de contaminación.

No propio terreo ocupado pola factoría e onde foron depositados residuos contaminantes construíronse vivendas de protección oficial sen que a zona fose descontaminada, descubríndose anos máis tarde que existían altísimas



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:45
Nº Rexistro: 24199
Data envío: 25/01/2018 17:45:23.528



concentracións deste produto tanto na superficie como nas augas subterráneas e de abastecemento, o que supuxo que a poboación estivese exposta a altos niveis de contaminación durante moito tempo (exposición que en moitos casos aínda continúa a producirse), coas conseguíntes consecuencias para a súa saúde, motivo polo que en 2010 os habitantes do de ditas vivendas foron trasladados.

A pesar de todo isto, non se adoptaron as medidas sanitarias e ecolóxicas oportunas e a día de hoxe análises realizadas demostran que existen altísimos valores de contaminación por lindano nesta zona.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Iniciar controis poboacionais ás persoas que viven nos lugares onde están enterrados os residuos ou aquelas outras que teñen ou tiveron contacto cos mesmos, con arranxo á evidencia científica que indica cales son os prexuízos da sustancia a todos os niveis (endocrino, neurolóxico...)

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:45
Nº Rexistro: 24199
Data envío: 25/01/2018 17:45:23.528

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/01/2018 17:41:34

Luis Villares Naveira na data 25/01/2018 17:41:39